



CIG-Saúde Informa

Os SERVIZOS PÚBLICOS establecéronse para dar resposta ás necesidades das persoas, non para comerciar nin para tirar beneficio económico delas; e non poden rexerse por criterios de rendibilidade, senón polo INTERESE SOCIAL.

Gripe P

Unha moderna enfermidade producida polo virus P, pertencente á familia dos “neoliberalvirus” está a afectar á concepción dos Servizos Públicos.



COMO ACTÚA A GriPe P

A **GriPe P** afecta esencialmente á calidade do **sistema sanitario público**, estendéndose velozmente a partir de focos localizados en instalacións da Consellería de Sanidade.

Actualmente **estanse tratando de controlar** as cepas deste virus no laboratorio do Parlamento de Galicia, pero tévese que co mecanismo de acción chamado “**rodillo parlamentario**” pronto se poidan apreciar os seus **efectos devastadores** nos centros sanitarios públicos.



Xeralmente produce un **cadro clínico** caracterizado por:

Anemia orzamentaria (cantidade de euros por habitante en rápida diminución).

Adelgazamento extremo (menos recursos, menos servizos e menos persoal).


Conxestión (incremento galopante das listas de espera).

Malestar xeral e irritación que se contaxia a usuarias e usuarios e a profesionais.



SÍNTOMAS DA Gri**Pe** **RP**

A sintomatoloxía deste mal é variada, manifestándose con efectos diversos segundo as condicións concretas de cada individuo afectado, pero téñense descrito como **síntomas evidentes**:



Diminución da autoestima, que invade a administración da crenza de que a sanidade pública é peor cá privada.

Desexo irrefreable de vender, prestar, ou regalar locais, aparatos ou persoal dos centros públicos.

Alteración da percepción do que é socialmente correcto, con gusto crecente pola privatización.

PlanMellorafobia, que considera toda inversión en Atención Primaria derrochadora de recursos sanitarios e de medicamentos, e por iso os castiga sen novas prazas xa orzamentadas.

Irritabilidade ante opinións contrarias ou diferentes.

Mesianismo: nin se debate nin se negocia.



PREVENCIÓN DA GriPe P


Non existen **vacinas eficaces** contra a GriPe P, polo que as medidas preventivas a adoptar deben basearse na aplicación estrita das seguintes **medidas hixiénicas**: a denuncia, o debate, as propostas, a mobilización, a defensa e o reforzamento do sistema sanitario público.

O **lavado de mans** non se aconsella, incluso é recomendable mancharse as mans para enfrontarse co problema.

Quedarse na casa demostrou que non funciona en ningún caso.

O **illamento social** favorece a este tipo de virus: organízate, reúnete, participa.

SE ATOPA CON PERSOAS OU SITUACIÓNS COMO AS DESCRITAS, NON O DUBIDE, APLIQUE AS MEDIDAS PREVENTIVAS DESCRITAS, E ACUDA O ANTES POSIBLE A CALQUERA MOBILIZACIÓN QUE SE CONVOQUE.



www.cig-saude.org



S A U D E